

# ESTUDO COMPARATIVO DAS “BLUE CAREERS” NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA: UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

Santiago Caamaño, Lucía  
Grupo Integrado de Ingeniería  
Universidade da Coruña  
lucia.santiago.caamano@udc.es

Díaz Casás, Vicente  
Grupo Integrado de Ingeniería  
Universidade da Coruña  
vicente.diaz.casas@udc.es

## RESUMO

Tradicionalmente a industria, así como a educación e a formación no ámbito marítimo estiveron marcadas polo predominio masculino. A pesar de que nos últimos anos experimentouse un certo crecemento da participación feminina nas carreiras de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas (STEM); os campos relacionados co mar permanecen aínda por detrás amosando unha fenda considerable entre a participación de homes e mulleres.

Neste traballo preséntase a situación das mulleres nas denominadas *blue careers* ou carreiras azuis, como se denominan aquelas carreiras relacionadas co aproveitamento de mares e océanos, que se veñen impartindo na Universidade da Coruña (UDC) entre os anos 2013 e 2018. Esta análise verifica a permanencia dos estereotipos de xénero e a súa influencia na elección destas carreiras universitarias.

**PALABRAS CLAVE:** Universidade, xénero, educación, *blue careers*.

## INTRODUCCIÓN

A Unión Europea define como economía azul a que recoñece a importancia dos mares e os océanos como motores da economía polo gran potencial para a innovación e o crecemento. A pesar de que nos últimos anos experimentouse un certo crecemento da participación feminina nas carreiras de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas (STEM); os campos relacionados co mar permanecen aínda por detrás amosando unha fenda considerable entre a participación de homes e mulleres.

Ademais de ser unha cuestión de dereitos humanos, a inclusión das mulleres no ámbito mariño supón o aproveitamento do talento, a formación, as competencias e os coñecementos do 50% da poboación, aspectos vitais para a industria (Jones, 2008).

Por outro lado, a diversidade de xénero mellora a produtividade e incrementa os beneficios económicos nas empresas porque fomenta a innovación e a creatividade ó introducir diferentes formas de pensamento (Mackenzie, 2015).

A pesar disto, a participación feminina no mundo marítimo é extremadamente baixa. A nivel global só un 2% de mariños e un 33% dos postos en terra relacionados co sector están ocupados por mulleres (Ibrahim, 2018). Sen embargo, esta participación non está uniformemente distribuída senón que se concentra en certas actividades (Gissi et al., 2018).

No ámbito académico, aínda que en educación secundaria existe equilibrio de xénero no alumnado, a nivel universitario a situación comeza a cambiar en función da área de coñecemento considerada (Mackenzie, 2015).

## METODOLOXÍA

Para poder coñecer a situación da muller nas carreiras azuis analizáronse os datos de alumnado matriculado nos últimos 5 anos (período de 2013 a 2018) na Universidade da Coruña. Dado que a denominación “carreiras azuis” inclúe moitas especialidades, para o estudo seleccionáronse unicamente 7 grados e 4 mestrados. Nesta selección poden atoparse carreiras dentro do ámbito STEM, ciencias e economía.

Os grados analizados son:

- Enxeñaría naval e oceánica (ENeO)
- Bioloxía (B)
- Dereito (D)
- Economía (E)
- Tecnoloxías mariñas (TM)
- Náutica e transporte (NT)
- Enxeñaría mecánica (EM)

Os mestrados seleccionados foron:

- Enxeñaría naval e oceánica (MENEo)
- Avogacía (A)
- Bioloxía mariña (MBM)
- Enxeñaría mariña (MEM)

## RESULTADOS

Nas figuras 1 e 2 móstranse a porcentaxe de alumnado matriculado nos graos e mestrados, da UDC, desagregados por sexo e curso académico. As siglas H e M indican homes e mulleres respectivamente.

Na figura 1 pódese observar que naqueles graos do ámbito STEM, como son enxeñaría naval e oceánica, tecnoloxías mariñas e enxeñaría mecánica, así como náutica e transporte marítimo a porcentaxe de mulleres matriculadas é moi inferior á dos homes. Esta desproporción é especialmente acusada no caso de tecnoloxías mariñas e enxeñaría mecánica, onde a proporción de alumnas non supera o 10% e o 20% respectivamente.

Pola contra, nos graos de ciencias como é bioloxía mariña a porcentaxe de homes matriculados é menor (30-40% aproximadamente). No grado de dereito ocorre o mesmo que en bioloxía; e en economía a proporción entre homes e mulleres está bastante equilibrada.

Na figura 2 obsérvase exactamente a mesma tendencia. Nos mestrados de enxeñaría, salvo anos puntuais, o desequilibrio de xénero sitúase nun 80% homes—20% mulleres. Pola contra no mestrado que habilita para a avogacía a porcentaxe é do 30%-70%. En bioloxía mariña a porcentaxe de alumnos e alumnas está case igualada.

## CONCLUSIÓN

A pesar de que a participación das mulleres no sector marítimo incrementouse nos últimos anos, a proporción aínda se atopa moi por debaixo da paridade. Como consecuencia, é necesario reflexionar sobre a situación actual para poder tomar accións correctoras.

Neste traballo presentouse unha breve análise da situación das mulleres nas carreiras azuis da Universidade da Coruña. Desta análise pódese extraer que o desequilibrio de xénero aparece xa a nivel universitario e que os estereotipos de xénero seguen influíndo na elección das carreiras. Claro exemplo é a acusada desigualdade nas carreiras do ámbito STEM fronte ás de ciencias da natureza (onde persiste o maioría feminina) ou ciencias xurídicas.

## BIBLIOGRAFÍA

Gissi, Elena, Portman, Michelle, Hornidge, Ana-Katharine., 2018. Un-gendering the ocean : Why women matter in ocean governance for sustainability. *Marine Policy* 94, 215–219. doi:10.1016/j.marpol.2018.05.020

Ibrahim, Magda, 2018. Why the maritime industry needs more women. *Raconteur*.

Jones, Roger G., 2008. Reports and Comments Empowering Professional Women in the Maritime World: the WMU Contribution. *WMU Journal of Maritime Affairs* 7, 505–508.

Mackenzie, Bev, 2015. The "Leaky Pipeline": Examining and Addressing the Loss of Women at Consecutive Career Stages in Marine Engineering, Science and Technology, in: Women: Global Leadership. Springer. doi:10.1007/978-3-662-45385-8

Figura 1. Porcentaxe de alumnos e alumnas matriculados nos grados da UDC




Figura 2. Porcentaxe de alumnos e alumnas matriculados nos mestrados da UDC

